

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
XGL/2020/5	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de setembro de 2020
Duración	Desde las 13:30 hasta las 14:00 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	María Fernanda Montero Parapar

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Ángela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Leopoldo Moure Dopico: «vacacións»		

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación del acta de la sesión anterior	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 03 de	

Concello de Silleda



setembro de 2020.

Expediente 1235/2020. Xenérico por Concorrenza Competitiva

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vistas a Providencia de inicio do procedemento 03/09/2020

Vistas as bases polas que se regulan as normas que rexerán as axudas complementarias dirixidas ás familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar curso 2020-2021.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal número 05 de data 03/09/2020 en relación coa lexislación de aplicación e procedemento a seguir aos efectos de proceder á convocatoria e concesión das subvencións de referencia.

Visto o informe de Intervención de data 04/09/2020 á existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión das citadas subvencións e a retención, por parte de citado órgano municipal, de crédito orzamentario na cantidade necesaria para atender á posterior concesión das axudas que se citan.

De acordo co establecido no artigo 20 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia;

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de axudas complementarias dirixidas ás familias, que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar curso 2020-2021, por procedemento de concorrenza competitiva en materia de educación, co texto que figura no Anexo da presente proposta de acordo.

SEGUNDO.- aprobalas bases que rexerán a presenta convocatoria incorporadas á presente resolución como anexo.

TERCEIRO.- Aprobalo gasto correspondente por importe de 2.500 euros (ampliable a 20.000 euros) con cargo á aplicación presupostaria 326-48 dos Orzamentos Municipais do exercicio económico correspondente ao ano 2020.

CUARTO.- Proceder a publicación do extracto da convocatoria na páxina web do Concello de Silleda (www.silleda.es).



ANEXO

NORMAS QUE REXERÁN AS AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS, QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑÁN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020-2021

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases, convocar as axudas do Concello de Silleda destinadas a completar o 100% do gasto de adquisición de libros de texto e material escolar de educación primaria e educación secundaria obrigatoria en centros públicos, no curso escolar 2020-2021, para as familias que precisan dunha protección especial así como as que teñan a todos os seus membros en desemprego.

2.- GASTOS SUBVENCINABLES

Libros de texto e material escolar, fixado polo centro educativo, para o alumnado de centros públicos matriculados en educación primaria e educación secundaria obrigatoria

3.- DESTINATARIOS

Unidades familiares con todos os seus membros en situación de desemprego, Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, e Víctimas de violencia de xénero, con menores a cargo, escolarizados en centros de ensino públicos do termo municipal de Silleda, que vaian cursar estudos de ensinanza primaria ou secundaria obrigatoria, no curso 2020-2021.

4.- PARA TER ACCESO ÁS AXUDAS

Atoparse en algún dos seguintes supostos:

a) Familias que precisen de protección especial, segundo a Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, (numerosas, monoparentais, con persoas maiores ao cargo, con persoas con discapacidade ao cargo, con persoas dependentes ao cargo, acolledoras).

b) Víctimas de violencia de xénero.

c) Familias con todos os seus membros en situación de desemprego no momento de realizar a solicitude.

Para ser beneficiario/a destas axudas a renda per cápita familiar debe ser igual ou inferior a 300 €.

Cumprir os seguintes requisitos:

d) Ser pai, nai ou titor/a legal do alumno/a matriculado/a en educación primaria, ou en educación secundaria obrigatoria.

e) Estar empadroad/a e residir de xeito efectivo no Concello de Silleda e convivir cos menores para os/as que solicita a axuda.

f) Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda teña a matrícula nalgún centro escolar público do Concello de Silleda, durante o curso escolar 2019-2020.



Ter concedida a axuda de acordo coa Orde de 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/2021.

g) Ter presentada declaración da renda do exercicio 2019, no caso de non estar obrigado a presentación, certificado expedido pola axencia tributaria de que non consta presentada a declaración do IRPF para o ano 2019.

5.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, segundo modelo Anexo I, deberán presentarse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00, ou a través da sede electrónica do Concello de Silleda.

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días dende o día seguinte á publicación destas bases no sitio web do Concello de Silleda, www.silleda.es

5.- CONTÍA DAS AXUDAS

As achegas concederanse, por alumno/a, para complementar, a diferenza da axuda concedida pola Xunta de Galicia, ao abeiro da *ORDE do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2019/2020.*

Terán preferencia na concesión destas axudas locais, as solicitudes coas rendas per cápita mais baixas, atendéndose ata o total máximo da dispoñibilidade de crédito orzamentario.

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2019 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Enténdese por renda per cápita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar, o cociente resultante de dividir entre 12 a suma dos ingresos totais da unidade familiar.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

Membros computables da unidade familiar

Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os/As pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o/a titor/a ou titor/as do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade con diversidade de calquera índole ou incapacitados/as



xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

e) Os/as proxenitores/as separados legalmente ou divorciados/as con custodia compartida que forman unha unidade familiar cos/as fillos/as que teñen en común.

f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no punto anterior desta convocatoria, achegarse un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar

6.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

a) As persoas que desexen optar ás axudas deberán presentar as solicitudes segundo o Anexo I. As instancias poderán obterse nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Silleda ou tamén descargarse do sitio web do concello no enderezo electrónico www.silleda.es

b) Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

1.- Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia

2.- Copia do libro de familia.

3.- Volante de convivencia.

4.- Copia da renda familiar correspondente ao exercicio 2019. No caso de non ter presentada a declaración, acreditación dos ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

5.- Copia do DNI do solicitante.

6.- Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial.

De ser o caso:

7.- Copia da demanda de emprego en vigor.

8.- Sentencia xudicial de separación ou divorcio, ou o convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

9.- Informe de servizos sociais.

7. – TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES



Dende o departamento de Benestar emitirase a proposta da resolución provisional e correspóndelle ao órgano competente a resolución definitiva.

8.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias das axudas as seguintes:

- Realizar o gasto de acordo coa finalidade para a que se lle concedeu a axuda económica.

9.- DISPONIBILIDADE ORZAMENTARIA

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria, reservarase un crédito na aplicación orzamentaria 326-48 cunha contía de 20.000 euros, este importe poderá verse incrementado no caso de que non se esgote a antedita partida dos vixentes orzamentos do Concello de Silleda.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS QUE PRECISAN DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2019-2020

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (Pai/Nai/Titor/Titora)	
Nome e apelidos	
Enderezo	
DNI	
Teléfono/Correo-e	

DATOS DO/A FILLO/A PARA O/A QUE SOLICITA A AXUDA	
Nome e apelidos	
Idade	
Curso	
Centro	



DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia do vale concedido pola Xunta de Galicia
- Xustificante de compra, da librería, onde aparezan os libros e/ou material adquirido
- Copia do libro de familia
- Copia do DNI do solicitante
- Renda da unidade familiar 2018
- Acreditación dos ingresos netos de todos os membros da unidade familiar (só no caso de non ter presentada declaración 2018)
- Documentación acreditativa da situación de familia que mereza protección especial (monoparental, numerosa, con dependentes a cargo, demandante de emprego, vítimas de violencia de xénero ...)
- Volante de convivencia

Silleda,de de 2019.

Sinatura:

Expediente 1103/2020. Contratacións

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente número 1103/2020 para a licitación do “APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33”.

Constituída a mesa de contratación que asistirá ao órgano de contratación neste procedemento en sesión celebrada o día 18 de agosto de 2020, déuselle conta da existencia de catro ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Núm. de rexistro de entrada: 2.889. Empresa: VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.903 Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.890. Empresa: CONTRATAS PÉREZ 2018, S. L.
- Núm. de rexistro de entrada: 2.898 Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.

Concello de Silleda

Rúa do Trasdeza, 55, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021



Seguidamente procedeuse a apertura do sobre A, e cumpríndose coa documentación administrativa por tódalas empresas, abríronse os sobres B, e trasladáronse as memorias presentadas ao técnico municipal César Pereiras Cambón, para que procedese a súa valoración de conformidade cos criterios subxectivos recollidos na cláusula undécima, apartado B, do prego de cláusulas administrativas.

En sesión celebrada o día 03 de setembro de 2020, o técnico municipal da conta do seu informe a Mesa de Contratación, quedando aceptado por tódolos seus membros. O resultado da valoración mediante xuízos de valor foi publicado no perfil do contratante do Concello de Silleda con carácter previo a apertura do sobre C.

En data 04 de setembro reúnese de novo a mesa para proceder á apertura do sobre C, que contén a proposición económica e a documentación cuantificable de forma automática, valorados de conformidade cos criterios subxectivos recollidos na cláusula undécima, apartado A, do prego de cláusulas administrativas.

Sendo a oferta da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. a que obtén a maior puntuación, alcanzado un total de 85,04 puntos, a mesa de contratación de conformidade co establecido no artigo 157 da LCSP, propón ao Órgano de Contratación como adxudicataria do “APARCADOIRO NO PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33” a súa contratación.

Polo exposto, e en cumprimento do disposto no artigo 150 da LCSP, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación no presente procedemento, acepta, por unanimidade dos seus membro, a proposta formulada pola mesa de contratación, procedéndose a formular o preceptivo requirimento de documentación á citada empresa polos servizos correspondentes, con carácter previo a súa adxudicación, no caso de que este sexa cumprimentado adecuadamente, todo elo de conformidade co disposto no parágrafo segundo do citado artigo 150 LCSP.

Expediente 1202/2020. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA (PONTEVEDRA), en virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases de Réxime Local,

Visto que en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/08/2020 adoptouse o acordo de aprobar as BASES PARA SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS OPERARIAS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO redactadas polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

Advertido un erro na base sexta, na que se enumeran os documentos que deberán ser achegados xunto coa solicitude, onde di “Copia do CELGA 4 ou equivalente” , sendo o correcto o CELGA 2.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito



ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos seus membros, adopta o presente acordo:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro existente na base sexta das BASES PARA SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS OPERARIAS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO quedando redactado como segue:

“c) Copia do CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da SEGUNDA proba da oposición de galego”.

SEGUNDO: Publicar a corrección do erro no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

No hai asuntos

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

